

APE GALICIA

**Asociación Intersectorial e
Interterritorial de Autónomos e
Pequeñas Empresas de Galicia**

BOLETÍN XUÑO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) AOS PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS PARA A MELLORA DA IMAXE, ACONDICIONAMENTO E MODERNIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS RETALLISTAS

BASES REGULADORAS E SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DOS PREMIOS SMART COMMERCE DE GALICIA 2017

O CONGRESO DOS DEPUTADOS APROBA UNHA SERIE DE MEDIDAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO E AUTO-EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) AOS PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia, coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica na Comunidade Autónoma e potenciar o mantemento e creación de emprego, a través do desenvolvemento e da mellora das empresas existentes, así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais, mediante dous tipos de liñas de axuda.

Liñas de axuda

Serán subvencionables os seguintes tipos de proxectos de investimento (procedemento IG408A):

- Liña de axuda ao investimento en equipamentos produtivos. Proxectos dirixidos a investimentos en maquinaria e outros bens de equipamento para ampliacións de capacidade, diversificación da produción ou cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.
- Liña de axuda a investimentos xeradores de emprego. Proxectos dirixidos a investimentos en obra civil e maquinaria e outros bens de equipamento para a creación dun novo establecemento ou ampliación dun xa existente que presentan un potencial de creación de emprego directo e indirecto.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas axudas as pequenas e medianas empresas (pemes). Tamén poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo

os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Non se poderá disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 desta lei.

Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que proxecten levar a cabo un investimento nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Que desenvolvan no centro obxecto do proxecto algunha das actividades subvencionables que se sinalan nestas bases

para cada tipo de proxecto subvencionable; están excluídas das axudas as seguintes:

i. As recollidas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 1388/2014 da Comisión, do 16 de decembro de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas a empresas dedicadas á produción, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

ii. As axudas concedidas na produción, transformación e comercialización dos produtos agrícolas, enumerados no anexo I do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

iii. As actividades do sector do aceiro, do sector do carbón, do sector das fibras sintéticas, así como a infraestrutura conexa, a produción e distribución de enerxía e as infraestruturas enerxéticas.

iv. O sector da construción naval na liña de investimentos xeradores de emprego.

v. O sector dos transportes na liña de investimentos xeradores de emprego.

c) Que acheguen para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25 % dos custos subvencionables, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

Importe

Os créditos dispoñibles para concesións nestas convocatorias aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.7701 e polos seguintes importes:

a) Para a liña de axuda ao investimento en equipamentos produtivos: 480.000 € no ano 2017, 3.000.000 € no ano 2018 e 300.000 € no ano 2019.

b) Para a liña de axuda a investimentos xeradores de emprego: 320.000 € no ano 2017, 2.000.000 € no ano 2018 e 200.000 € no ano 2019.

Intensidade da axuda

1. Proxectos de investimento en equipamentos produtivos: a subvención poderá chegar ata o 20 % dos investimentos subvencionables, no caso de pequenas empresas, e ata o 10 % no caso de medianas empresas.

A porcentaxe da axuda establecerase de acordo cos seguintes criterios:

a) Dimensión da empresa: máximo 15 %.

Concederanse 15 puntos porcentuais no caso de pequenas empresas e 8 puntos porcentuais no caso de medianas empresas.

b) Interese ambiental do proxecto: máximo 5 %.

Valorarase que contén con certificación acreditativa de ter implantado un sistema de xestión ambiental, emitido por una entidade acreditada. Concederanse 5 puntos porcentuais no caso de pequenas empresas e 2 puntos porcentuais no caso de medianas empresas.

2. Proxectos de investimento xeradores de emprego: a subvención poderá chegar ata o 35 % dos investimentos subvencionables, no caso de pequenas empresas, e ata o 25 % no caso de medianas empresas.

A porcentaxe da axuda establecerase de acordo cos seguintes criterios:

a) Dimensión da empresa: máximo 25 %.

Concederanse 25 puntos porcentuais no caso de pequenas empresas e 15 puntos no caso de medianas empresas.

b) Creación de emprego: máximo 5 %.

Concederase 1 punto porcentual por cada posto de traballo que se vaia crear con carácter indefinido. No caso de postos de traballo a tempo parcial farase a conversión a xornadas completas equivalentes.

c) Interese ambiental do proxecto: 5 %.

Concederanse 5 puntos porcentuais no caso de que a peme teña certificación acreditativa de ter implantado un sistema de xestión ambiental.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación

desta resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:

- a) Que, conforme as solicitudes recibidas, se esgote o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape, co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 32 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).
- b) O 30 de decembro de 2017.

Una vez finalizado o prazo non se admitirán máis solicitudes. Non obstante o anterior, no suposto de existir remanente de crédito cando finalice o prazo, mediante acordo do Consello de Dirección do Igape, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do Igape, poderase ampliar o prazo anterior co límite do 31 de marzo de 2018.

Referencia normativa:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170601/AnuncioO92-220517-0001_gl.html

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS PARA A MELLORA DA IMAXE, ACONDICIONAMENTO E MODERNIZACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS RETALLISTAS, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2017 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN201H).

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a mellora da imaxe, acondicionamento e modernización dos establecementos comerciais retallistas.

Consideraranse subvencionables as seguintes actuacións, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2017 ata a data límite de xustificación

– Proxectos de modernización integral do local comercial incluídos nun proxecto técnico de decoración e interiorismo.

En concreto, considéranse gastos subvencionables:

a) As obras de reforma e acondicionamento integral da superficie de exposición e venda do local comercial.

b) A adquisición de moblaxe destinada á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de

– Proxectos de renovación e mellora da imaxe comercial, sempre que impliquen unha renovación clara e directa da imaxe do establecemento comercial.

En concreto considéranse gastos subvencionables:

a) As obras de reforma e acondicionamento da superficie de exposición e venda do local comercial.

b) A adquisición de moblaxe destinada á mellora da imaxe comercial e adquisición de equipamento especializado para a exposición do produto que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade comercial e de

uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

c) As actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e a instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares.

Para o conxunto destas actuacións, o investimento máximo subvencionable será de 30.000 € (IVE excluído) e o investimento mínimo, de 15.000 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o 50 % do investimento máximo subvencionable.

O investimento máximo subvencionable ampliarase ata 2.000 € para atender os custos polos servizos profesionais de elaboración e redacción do proxecto técnico de interiorismo e decoración, sempre que este non supere o 10 % do investimento total solicitado. uso exclusivo na superficie de exposición e venda.

c) As actuacións de mellora da fachada exterior do local comercial e a instalación de toldos, carteis, letreiros ou similares.

Para o conxunto das actuacións relacionadas na alínea a) do punto 3.2, o investimento máximo subvencionable será de 60 € (IVE excluído) por metro cadrado da superficie de exposición e venda do local comercial e o investimento mínimo do conxunto das actuacións subvencionables, de 3.000 € (IVE excluído), no caso de que a superficie de exposición e venda sexa igual ou superior aos 50 metros cadrados. Nos establecementos comerciais cunha superficie de exposición e

venda inferior a 50 metros cadrados o investimento mínimo do proxecto subvencionable non poderá ser inferior a 1.500 € (IVE excluído).

O investimento máximo para o conxunto das actuacións é de 9.000 € (IVE excluído).

A porcentaxe de subvención será o 40 % do investimento máximo subvencionable.

– Servizos dun xestor de redes sociais. A axuda consistirá nun ticket para a xestión de redes sociais, no marco do Programa de Social Commerce que se vai desenvolver en colaboración coa Federación Galega de Comercio durante o ano 2017.

Entidades beneficiarias

Poderán ser beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que, en todo caso, cumpran ademais os seguintes requisitos:

– Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social e fiscal radique na Comunidade Autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

– Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio (DOUE nº 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de dez (10) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

– Que estea dada de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e que este constitúa a actividade principal do solicitante.

– Que desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 150 metros cadrados, agás que a actividade comercial se encadre na epígrafe 653.1 do IAE.

Prazo de presentación de solicitudes

Un mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Referencia normativa:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170615/AnuncioG0424-060617-0003_gl.html

BASES REGULADORAS E SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DOS PREMIOS SMART COMMERCE DE GALICIA 2017

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión dos premios Smart Commerce como un recoñecemento institucional e social a aqueles comercios que apostan por situar o cliente no centro da súa estratexia, aproveitando todos os recursos á súa disposición co fin de lle achegar a súa oferta.

Características dos premios

Os premios do Comercio constarán das seguintes categorías:

- a) Premio Smart Commerce Galicia, elixido entre os gañadores do Premio Smart Commerce provincial, cunha contía de 3.000 euros, a cal inclúe o premio correspondente á provincia.
- b) Premio Smart Commerce Provincial, cunha contía de 1.500 euros por provincia.
- c) Premio E-Commerce, cunha contía de 1.000 euros.
- d) Premio Social Commerce, cunha contía de 1.000 euros.

Premio Smart Commerce: distinguirán os comercios galegos que na súa xestión comercial executen accións innovadoras que supoñan unha clara diferenciación e mellora na fidelización, para o cal se valorará o investimento en novas tecnoloxías, servizos engadidos á propia oferta comercial, accións promocionais especiais e utilización de ferramentas tales como a web, o teléfono e as redes sociais como canles de comunicación e venda e a integración entre as canles on line e offline.

Premio E-Commerce, distinguirán o comercio galego cuxa actividade sexa a venda de produtos a través da internet, para o cal se valorará a transformación dixital.

Premio Social Commerce, distinguirán o comercio galego que amose o mellor

aproveitamento das redes sociais para chegar a clientes activos e potenciais, «sociabilizando» o seu punto de venda.

Cada comercio participante non poderá percibir máis que un premio agás no caso do Premio Smart Commerce de Galicia, que incluírá o Premio Smart commerce da provincia correspondente.

As contías dos premios obxecto desta convocatoria serán únicas e estarán suxeitas ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

Persoas beneficiarias

Poderán optar aos premios os comerciantes retalistas que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade. Cada comerciante solicitará a participación nunha única categoría, para o cal marcará o recadro correspondente da solicitude.

Prazo de presentación de solicitudes

Dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase que o prazo vence o día cuxo ordinal coincida co que serviu de partida, que é o da publicación no Diario Oficial de Galicia e, se é festivo, o primeiro día hábil seguinte

Referencia normativa

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170615/AnuncioG0424-060617-0005_gl.html

O CONGRESO DOS DEPUTADOS APROBA UNHA SERIE DE MEDIDAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO E AUTO-EMPREGO SEGURIDADE SOCIAL.

O Congreso dos Deputados aprobou o pasado 21 de Xuño a introdución de varias medidas establecidas na nova Lei de reformas urxentes do traballo autónomo, para mellorar as condicións de seguridade social e laboral deste colectivo que forman 3,2 millóns de persoas. As novidades máis importantes, recollidas serán enviadas ao Senado, son as seguintes:

Ampliase de seis meses a un ano, a cotización de 50 euros á Seguridade Social para novos negocios. Ata agora, a duración da tarifa plana era de seis meses. Mesmo, poderase retomar dous anos despois de interromper a actividade.

Máis bonificacións para os mozos e as mulleres. Todos os menores de 30 anos e as mulleres ata 35 anos poden encadear ata tres anos de bonificacións de cotizacións á Seguridade Social, en función da evolución e situación do negocio.

As bonificacións serán compatibles coa contratación de asalariados. O emprendedor vai manter a axuda nas cotizacións e na tarifa plana aínda que contrate traballadores por conta allea. Se os contratos son por tempo indefinido, a bonificación é do 100% da cotización social.

Bonificación de cotizacións para contratar familiares de forma indefinida. Os autónomos que contraten os seus parentes indefinidamente como asalariados teñen dereito a unha bonificación total das cotizacións á Seguridade Social. Coa axuda será posible contratar os pais, os irmáns, o cónxuxe, os fillos, xenros e noras. Para iso, será necesario que nos doce meses anteriores a contratación dun familiar non despedise a ningún indebidamente ou por unha regulación do emprego irregular. Ademais, tras contratar o familiar debe manter os niveis de emprego na empresa por seis meses, salvo que existan razóns obxectivas ou despedidos disciplinarios.

Rebaixa das cotizacións á Seguridade Social para fomentar a maternidade. Mulleres que retornan o traballo tras a maternidade pagarán 50 euros mensuales -a tarifa plana- a Seguridade Social, durante un ano.

Compatibilidade entre salario e pensión. Os autónomos que continúen traballando despois de acadar a idade da xubilación, e teñan empregados, poderán facer compatible o seu salario coa totalidade da pensión. O Goberno estende así aos autónomos con traballadores a reforma prevista para os asalariados no acordo do Pacto de Toledo. Agora, só é compatible a metade do salario coa metade da pensión. É dicir, a xubilación a tempo parcial.

Maior flexibilidade para darse de alta e de baixa na Seguridade Social. Os traballadores autónomos poderán darse de alta e de baixa na Seguridade Social ata tres veces por ano, con dereito a comezar a pagar a partir do mesmo día do mes que fan o trámite administrativo. Isto significa que si se dan de alta o día 14 non vai pagar o mes enteiro. O mesmo ocurrirá coa baixa.

Máis facilidades para cambiar a base de cotización. Os empresarios / traballadores poderán cambiar a súa base de cotización á Seguridade Social ata catro veces no ano. Isto é para facilitar os pagos á Seguridade Social e que poidan adaptarse mellor á evolución do negocio.

A base de cotización dos propietarios e directivos desvinculase do salario mínimo interprofesional. Con esta medida pretendese romper o automatismo da

subida das bases de cotización destes autónomos en relación ao salario mínimo interprofesional. Por exemplo, este ano aumentou en 8%. Polo tanto, unha medida de alcance social pode converterse nunha forte subida dun imposto anual para estes autónomos. O goberno vai decidir as bases de cotización de este tipo de autónomos nos Presupostos Xerais do Estado e previa consulta coas organizacións do sector.

Redúcense os recargos da Seguridade Social por deudas durante o primeiro mes de retraso. O goberno vai rebaixar do 20% ao 10% do recargo da deuda por cotizacións salariais durante o primeiro mes.

Protección para o accidente 'in itinere'. Instaurase a protección da Seguridade Social para o autónomo que teña un accidente durante a viaxe, e esté cotizando por riscos profesionais. Isto é, cando teña un accidente no camiño de casa para o traballo e viceversa, en calquera medio de transporte.

Deducións fiscais para o autónomo que traballa na súa casa. Nestes casos, a dedución será do 20% do custo de auga, luz, electricidade e teléfono. Esta é unha proposta que ten en conta o avance gradual dos medios electrónicos no mundo laboral.

Dedución de 12 euros por la comida en jornada laboral. Los autónomos podrán deducir 12 euros diarios de gastos de manutención, cándose vexan na obriga de comer fóra da casa por motivos de traballo. É necesario que se faga o pago por medios electrónicos ou vales de comida, co cal pode comprobar a cantidade, data e lugar. Ademais, teñen que ser feitas durante a semana e en restaurantes e cafeterías.

Facilidades para o reintegro ao autónomo por exceso de cotización. A Seguridade Social devolverá ao traballador o exceso de cotización que pode ter feito por contribuír con dous traballos: o seu propio de autónomo, e como asalariado. A medida ten como obxectivo reducir a carga burocrática sobre ós autónomos. Ata agora, son

forzados a pedir o reembolso dos excesos a Seguridade Social eles mesmos.

Promover a participación institucional dos autónomos. A partir da entrada en vigor da lei, o goberno ten un ano para fomentar a participación de organizacións de autónomos no Consello Económico Social.